

Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, expoño:

- **Ante a extraordinaria situación que estamos vivindo por mor do Covid-19, cabe supoñer que o goberno municipal tomará as medidas oportunas. Pola nosa banda antes de nada deixar claro o noso apoio a acción de goberno nestes momentos difíciles e a nosa completa dispoñibilidade para o que se nos requira.**
- **Estamos preocupados por como se xestione a cuestión laboral dos traballadores do concello, pois enténdese que dentro das variedade de postos de traballo, haberá algúns imprescindibles que deban estar no seu posto, e outros que deban limitar ou suspender as súas funcións, tal como recolle a resolución da Xunta de Galicia publicada no DOGA este 15 de marzo.**

Por estes motivos solicitamos:

- **Que se fagan público de xeito inmediato as medidas que tome o goberno local no respecto ás diferentes áreas do concello, cales quedan abertas ao público, e cales non, así como os xeitos de actuar telemáticamente en función das necesidades dos veciños e veciñas.**
- **Que como goberno dunha administración pública se teña unha actuación exemplar, respectando rigorosamente os dereitos laborais, atendendo ás resolucións da Xunta e Goberno central, e que no ámbito laboral de tomen medidas específicas acordades ao que se estableza, como que non se autoricen vacacións a ningún traballador, salvo aqueles que as tiveran solicitado con antelación a actual crise, salvo que a evolución da situación e as directrices da administración autonómica e central muden.**
- **Que se nos traslade un informe, por suposto vía telemática a caixa de correo do noso concelleiro, especificando como se organizan os postos de traballo na actual situación, e según vaia evolucionando, especificando que postos quedan en suspensión, cales realizarán teletraballo, cales se recolocaran noutras funcións e cales serán os postos para servizos mínimos cos que conte o concello.**

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
16/03/2020.

